

Marchas ^{carra} a Madrid **contra a CRISE**



- 5 millóns de parad@s.
- Despedimento libre e gratuito.
- Xubilación aos 67 anos.



- Recortes dos dereitos sociais.

Reformas laborais, subcontratación, privatización dos servizos públicos, ETTs, ERES, salarios mileuristas, beneficios empresariais e bancarios vergonzosos...

Acaso necesitas máis razóns?!

Primeira quincena de maio: Accións ao longo das rutas das marchas.

16 de Maio: -**Marcha** final sobre Madrid e acto de confluencia.

-**Manifestación** unitaria contra o cumio europeo e a presidencia española.



"MARCHAS CONTRA A CRISE"

Por que marchamos?

- Porque dende o 2008, máis de 2,5 millóns de persoas perdemos o emprego.
- Porque case 5 millóns de traballadores e traballadoras estamos parados en contra da nosa vontade e as persoas novas soportamos taxas de paro do 40%.
- Porque 1,2 millóns de persoas desempregadas non percibimos ningunha prestación e preto de 300.000 malvivimos con 420 €.
- Porque os empresarios nos despiden libre e impunemente sen causa ou causa falsa, e a "xustiza" e as "leis" os avalan.
- Porque o despedimento é libre, doado e barato: máis de 4 millóns de persoas traballador@s temos contratos temporais e os nosos despedimentos saen gratis ou máximo a 8 días de indemnización por ano.
- Porque 11 millóns de asalariad@s dos 18,7 millóns de ocupados, somos mil euristas, con rendas anuais inferiores a 9000 €.
- Porque as nosas rendas salariais caeron o triplo que as empresariais no 2009.
- Porque os 7 grandes Bancos e Caixas obtiveron 17.000 Millóns de Euros de beneficios netos no 2009 e as retribucións dos conselleiros e directivos das grandes empresas creceron un 19,1%.
- Porque o 68% dos 8,2 millóns de pensionistas temos unha pensión anual que non chega ao salario mínimo interprofesional.
- Porque empresarios, financeiros, do ladrillo, da enerxía, das teleco-

municacións e da industria se enriqueceron extraordinariamente coas súas especulacións inmobiliarias, as súas especulacións sobre as materias primas, os alimentos, etc., etc., nos "obrigaron" a endebedarnos, hipotecarnos, consumir sen límites e hoxe, nin temos casa, nin traballo nin futuro.

- Porque agora nos din que non hai cartos para as pensións futuras e nos queren baixar as pensións, queren que traballemos máis anos e volver endebedarnos cos fondos privados de pensións.

- Porque nos conxelaron o salario e intentan negarnos a posibilidade da negociación colectiva.

- En resumo, porque nos seguen recortando os dereitos sociais, laborais e as liberdades.

- Porque este modelo económico e social productivista, desarrollista, consumista é inxusto, irracional e atenta contra a VIDA do planeta.

Para que marchamos?

- Para recuperar o emprego.

- Impedir os EREs, despedimentos, contratas, subcontratas, ETTs.

- Garantir as prestacións sociais e salariais aos parad@s.

- Defender os servizos públicos sociais e gratuítos.

- Para que se reduza a xornada de traballo, repártase o traballo, redúzase a idade de xubilación.

- Derrogar o despedimento improcedente.

- Eliminar os contratos temporais e precarios.

- Impedir novas reformas laborais.

- Para que os recursos e a riqueza distribúase solidariamente e haxa prestacións sociais de desemprego e pensións dabondo para todos e todas e nunca por debaixo dos 1.200 €.

- Para que os ricos, empresarios, directivos, executivos, políticos, xuíces, cargos públicos, contribúan con impostos progresivos: quen máis gaña máis debe contribuír. Hai que repartir a riqueza.

- Impedir novos recortes sociais e privatizacións de servizos públicos básicos: sanidade, educación, dependencia, comunicacións...

- Para que cambiemos de modelo produtivo, de distribución e de consumo de verdade, creando empregos onde se encontra o verdadeiro valor: na educación, en gardarías, en escolas infantís, no campo, no benestar social, nos coidados, nas tecnoloxías non agresivas nin contaminantes, en redes de transporte público sostibles.

Para isto marchamos a Madrid dende o norte, sur, leste e oeste e chamamos a toda a cidadanía: parados/ás, moz@s, pensionistas, asalariados/ás, mulleres, autóctonos ou emigrantes a **SAÍR Á CALLE...que XA é HORA.**

Nin un paso atrás, ata a folga xeral!

